

l) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos e que non se utilicen por máis de dous anos.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo; para estes efectos acumularanse as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

ANEXO III

Criterios de selección establecidos no número 2 do artigo 1

1. Características dos proxectos

As características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista de:

- a) O tamaño do proxecto.
- b) A acumulación con outros proxectos.
- c) A utilización de recursos naturais.
- d) A xeración de residuos.
- e) Contaminación e outros inconvenientes.
- f) O risco de accidentes, considerando en particular as substancias e as tecnoloxías utilizadas.

2. Localización dos proxectos

A sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta, en particular:

- a) O uso existente do solo.
- b) A relativa abundancia, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.
- c) A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

- 1.^a Brañas.
- 2.^a Zonas costeiras.
- 3.^a Áreas de montaña e de bosque.
- 4.^a Reservas naturais e parques.
- 5.^a Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE.
- 6.^a Áreas nas que se superaron xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación comunitaria.
- 7.^a Áreas de gran densidade demográfica.
- 8.^a Paisaxes con significación histórica, cultural ou arqueolóxica.

3. Características do potencial impacto

Os potenciais efectos significativos dos proxectos deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos anteriores números 1 e 2, e tendo presente en particular:

- a) A extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada).
- b) O carácter transfronteirizo do impacto.
- c) A magnitude e a complexidade do impacto.
- d) A probabilidade do impacto.
- e) A duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.

18137 REAL DECRETO LEI 10/2000, do 6 de outubro, de medidas urxentes de apoio ós sectores agrario, pesqueiro e do transporte. («BOE» 241, do 7-10-2000, e «BOE» 244, do 11-10-2000.)

O gasóleo de uso agrícola, pesqueiro e do transporte, ó igual que os carburantes para outros usos, vén sufrindo unha alza de prezo como consecuencia da suba do petróleo e a importante apreciación do dólar fronte ó euro.

O Goberno, sensible á realidade desta crise producida por factores externos, analizou coas organizacións máis representativas dos sectores afectados a magnitude do impacto económico nos ámbitos agrario e pesqueiro, logrando un amplo consenso sobre a adopción dun paquete de medidas tendentes a paliar a negativa incidencia do aumento do prezo do cru e a afondar na liberalización dos sectores.

Polo presente real decreto lei incorpóranse modificacións ó réxime fiscal aplicable ó sector agrario, do mesmo xeito que se lles facilita ás cooperativas agrarias a distribución de gasóleo B a terceiros non socios delas. As medidas fiscais afectan ó réxime das cooperativas agrarias no imposto sobre sociedades e ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca no imposto sobre o valor engadido.

No ámbito do Imposto sobre Sociedades permítese que as cooperativas agrarias realicen a actividade de distribución de gasóleo B a terceiros non socios, sen que iso supoña a perda da condición de especialmente protexidas.

En canto ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca no imposto sobre o valor engadido considérase necesaria a elevación da compensación a tanto alzado que reciben os empresarios incluídos no réxime, tendo en conta o incremento que se produciu nas cotas soportadas como consecuencia da subida do prezo dos carburantes. Esta compensación, que se cuantificaba ata agora no 5 por 100 do prezo de venda dos produtos obtidos nas explotacións, ou dos servizos accesorios incluídos no réxime, pasa a situarse no 8 por 100 para os produtos e servizos de explotacións agrícolas e forestais e no 7 por 100 para os produtos e servizos das explotacións gandeiras e pesqueiras. Esta compensación determinouse, tal e como dispón a Directiva 77/388/CEE, do 17 de maio, sexta directiva do Consello en materia do imposto sobre o valor engadido, sobre a base dos datos macroeconómicos relativos exclusivamente ós agricultores sometidos ó réxime.

Por outra parte, a subida do prezo dos carburantes veu a agrava-la actual situación das empresas dedicadas á pesca marítima nas súas distintas modalidades, que demanda a adopción de medidas tendentes a corrixi-la taxa de desemprego e a precariedade dos contratos de traballo vixentes neste sector.

Esta situación, especialmente preocupante nos últimos meses, evidencia a necesidade de articular normativamente medidas concretas no que á cotización da Seguridade Social se refire.

Por tales causas, considérase ineludible establecer bonificacións nas cotas empresariais á Seguridade Social e nas dos traballadores por conta allea e por conta propia ou autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, debidamente graduadas e limitadas no tempo para superar esta actual situación, que se considera transitoria.

Pero ó mesmo tempo, é necesario que tales bonificacións non impliquen una diminución nos ingresos por cotas da Seguridade Social, para o que resulta

imprescindible que os ditos beneficios se financien con cargo ás respectivas partidas orzamentarias do Instituto Nacional de Emprego, coa dobre finalidade de favorecer grupos con especial dificultade na busca de emprego, así como os sectores productivos afectados, sen que iso produza distorsións no normal equilibrio financeiro do sistema da Seguridade Social.

Outro dos sectores afectados, así mesmo, de maneira directa polo incremento que se veu producindo no prezo dos carburantes é o de transportes, o que xa motivou a adopción de determinadas medidas por parte do Goberno para paliar os seus efectos.

Non obstante, o nivel de prezos alcanzado no mes de setembro aconsellou afondar nas liñas de actuación xa iniciadas e ensaiar outras novas que aseguren un nivel de concorrencia suficiente ós transportistas e, consecuentemente, garantan a existencia dun sector empresarial preparado para lles facer fronte ó seu futuro inmediato.

As negociacións coas organizacións máis representativas do sector do transporte por estrada, con obxecto de determinar os criterios de actuación e as medidas concretas máis oportunas, culminaron nun amplo acordo no que, dentro do marco da política económica xeral do Goberno, se fai fronte ó efecto do incremento do prezo dos carburantes e se contribúe ó mesmo tempo á modernización do sector. Por este real decreto lei incorpóranse de forma inmediata ó ordenamento xurídico determinadas modificacións puntuais do réxime fiscal aplicable ó sector.

Na adopción das medidas incorporadas no presente real decreto lei, pola súa natureza e finalidade, concorre a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, e dos ministros de Facenda, de Fomento, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Traballo e Asuntos Sociais e, logo de deliberación no Consello de Ministros, na súa reunión do día 6 de outubro de 2000,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Medidas de apoio ó sector agrario

Artigo 1. *Cooperativas agrarias.*

1. O número 4 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, queda redactado da seguinte forma:

«4. As cooperativas agrarias poderán desenvolver operacións con terceiros non socios ata un límite máximo do 50 por 100 do total das realizadas cos socios para cada tipo de actividade desenvolvida por aquela. A dita limitación non será aplicable ás cooperativas agrarias respecto das operacións de subministración de gasóleo B a terceiros non socios.»

2. Engádesse un segundo parágrafo á letra a) do número 2 do artigo 9 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, coa seguinte redacción:

«Non obstante, as cooperativas agrarias poderán subministra-lo gasóleo B a terceiros non socios sen que iso determine a perda da condición de especialmente protexidas.»

3. Modifícase o número 10 do artigo 13 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, que queda redactado da seguinte forma:

«10. A realización de operacións cooperativizadas con terceiros non socios, fóra dos casos permitidos nas leis, así como o incumprimento das normas sobre contabilización separada de tales operacións e destino ó Fondo de Reserva Obrigatorio dos resultados obtidos na súa realización.

Ningunha cooperativa, calquera que sexa a súa clase, poderá realizar un volume de operacións con terceiros non socios superior ó 50 por 100 do total das da cooperativa, sen perde-la condición de cooperativa fiscalmente protexida. A dita limitación non será aplicable ás cooperativas agrarias respecto das operacións de subministración de gasóleo B a terceiros non socios.

Para os efectos da aplicación do límite establecido no parágrafo anterior, asimílanse ás operacións con socios os ingresos obtidos polas seccións de crédito das cooperativas procedentes de cooperativas de crédito, investimentos en fondos públicos e en valores emitidos por empresas públicas.»

4. Modifícase a disposición adicional décimo quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactada da seguinte forma:

«As sociedades cooperativas só poderán realizar as actividades de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a que se refire o artigo 43 da presente lei con terceiros non socios, mediante a constitución dunha entidade con personalidade xurídica propia á que sexa aplicable o réxime fiscal xeral. Non será necesario o cumprimento deste requisito para a distribución de gasóleo B a terceiros non socios polas cooperativas agrarias.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Modifícase o número cinco do artigo 130 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Cinco. A compensación a tanto alzado a que se refire o número tres deste artigo será a cantidade resultante de aplicar, ó prezo de venda dos produtos ou dos servizos indicados no dito número, a porcentaxe que proceda de entre as que se indican a continuación:

1.º O 8 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións agrícolas ou forestais e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

2.º O 7 por 100, nas entregas de produtos naturais obtidos en explotacións gandeiras ou pesqueiras e nos servizos de carácter accesorio das ditas explotacións.

Para a determinación dos referidos prezos, non se computarán os tributos indirectos que graven as citadas operacións, nin os gastos accesorios ou complementarios a elas cargados separadamente ó adquirente, tales como comisións, embalaxes, portes, transportes, seguros, financeiros ou outros.

Nas operacións realizadas sen contraprestación pecuniaria, as referidas porcentaxes aplicaranse sobre o valor de mercado dos produtos entregados ou dos servizos prestados.

A porcentaxe aplicable en cada operación será a vixente no momento en que naza o dereito a percibi-la compensación.»

CAPÍTULO II

Bonificacións en materia de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar**Artigo 3. Bonificacións.**

1. Polo presente real decreto lei establécense bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social a empresarios e traballadores por conta allea e por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, a que se refire o número 2.

2. Os empresarios, polos seus traballadores por conta allea e asimilados, e os traballadores por conta allea e por conta propia, incluídos nos grupos primeiro, segundo e terceiro de cotización establecidos no artigo 54 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, terán dereito a bonificacións nas cotas da Seguridade Social por continxencias comúns, sempre que se encontren ó día no pagamento das súas obrigas con ela na data da concesión respecto dos traballadores, cotas e períodos seguintes:

a) Respecto dos traballadores incluídos no grupo primeiro que estean dedicados unicamente á pesca marítima en calquera das súas modalidades, a bonificación sobre o importe das achegas dos empresarios e dos traballadores por continxencias comúns, esixibles nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2000 e cun prazo regulamentario de ingreso que finaliza no mes seguinte ó da súa respectiva esixibilidade, será do 50 por 100.

b) Respecto dos traballadores incluídos no grupo segundo que estean dedicados unicamente á pesca marítima en calquera das súas modalidades, excluídos en todo caso os que non presten os seus servizos a bordo de embarcacións, a bonificación sobre o importe das cotas por continxencias comúns, esixidas nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2000 e cun prazo regulamentario de ingreso que finaliza no mes seguinte ó da súa respectiva esixibilidade, será do 67 por 100, salvo respecto dos empresarios e traballadores de barcos que operen baixo a modalidade de arrastre, caso en que a porcentaxe da bonificación sobre as ditas cotas será do 85 por 100.

c) Respecto dos traballadores por conta allea incluídos no grupo terceiro, excluídos os traballadores dedicados ó marisqueo a pé, así como o resto do persoal, que non presten servizos a bordo de embarcacións, a bonificación no importe das indicadas cotas por continxencias comúns esixidas nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2000 e cun prazo regulamentario de ingreso que finaliza no mes seguinte ó da súa respectiva esixibilidade, será en todo caso do 67 por 100.

Para os traballadores por conta propia incluídos neste grupo terceiro, excluídos tódolos que non presten servizos a bordo de embarcacións, estas bonificacións aplicaranse respecto das súas cotas fixas esixidas nos meses indicados e que deben aboarse no respectivo mes seguinte.

d) Cando se trate de barcos que integren a flota boniteira do norte de España, que xustifiquen a parada estacional durante os meses de decembro de 2000 e xaneiro e febreiro do ano 2001, as bonificacións establecidas nas letras anteriores correspondentes ó mes de decembro do ano 2000 serán aplicables ás cotas do mes de marzo do ano 2001, sempre e cando se

cumpran as condicións de amarre e paro que estableza o Instituto Social da Mariña.

3. A porcentaxe de bonificación fixada no número anterior aplicarase á cota resultante trala aplicación de calquera outra bonificación que tivesen recoñecida as empresas e traballadores a que se refire este artigo.

Artigo 4. Devolucións e reintegro dos beneficios.

1. O importe das bonificacións correspondentes ós empresarios e traballadores establecidas neste real decreto lei, que xa fora ingresado, incluídos, se é o caso, as recargas e custas que se satisfixeran, será devolvido, logo da petición dos interesados acompañada dos documentos acreditativos do seu pagamento.

Se o que tiver dereito á devolución fose debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ó pagamento das débedas pendentes con ela na mesma forma en que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento extraordinario de tódalas cotas pendentes que non sexan compensadas, nos termos regulamentariamente establecidos.

2. Nos supostos de obtención das bonificacións previstas neste real decreto lei sen reuni-los requisitos esixidos para a súa concesión, procederá o pagamento das cantidades deixadas de ingresar por tales bonificacións de cotas á Seguridade Social, coa recarga correspondente.

A obriga de reintegro establecida no número anterior enténdese sen prexuízo do previsto no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 5. Financiamento.

1. As bonificacións previstas neste real decreto lei financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Instituto Nacional de Emprego, sen prexuízo de achega especial que a este deba realiza-lo Estado, con cargo ós seus orzamentos xerais para esta atención específica.

2. A Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitaralle mensualmente ó Instituto Nacional de Emprego o número de traballadores obxecto de bonificación nas cotas á Seguridade Social.

CAPÍTULO III

Medidas de apoio ó sector do transporte**Artigo 6. Deducción por investimentos no imposto sobre sociedades.**

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase o número 5 e engádense dous novos números, 6 e 7, ó artigo 35 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, nos seguintes termos:

«5. Os investimentos en sistemas de navegación e localización de vehículos vía satélite que se incorporen a vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada darán dereito a practicar unha deducción da cota íntegra do 10 por 100 do importe dos ditos investimentos.

6. Os investimentos en plataformas de accesos para persoas discapacitadas ou en ancoraxes de fixación de cadeiras de rodas, que se incorporen a vehículos de transporte público de viaxeiros por

estrada, darán dereito a practicar una deducción da cota íntegra do 10 por 100 do importe dos ditos investimentos.

7. A parte do investimento financiada con subvencións non dará dereito a deducción.»

Artigo 7. *Reducción do prazo de permanencia dos elementos afectados a deduccións do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o número 3 do artigo 37 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os elementos patrimoniais afectos ás deduccións previstas nos artigos anteriores deberán permanecer en funcionamento durante cinco anos, ou tres se se trata de bens mobles, ou durante a súa vida útil se for inferior.

Conxuntamente coa cota correspondente ó período impositivo no que se manifeste o incumprimento deste requisito, ingresarase a cantidade deducida, ademais dos xuros de demora.»

Artigo 8. *Exención de axudas públicas ó abandono da actividade de transporte por estrada.*

Engádesse unha nova letra d) ó número 1 da disposición adicional vixésimo segunda da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, nos seguintes termos:

«d) A percepción das axudas ó abandono da actividade de transporte por estrada satisfeitas polo Ministerio de Fomento a transportistas que cumpren os requisitos establecidos na normativa reguladora da concesión das ditas axudas.»

Disposición adicional primeira. *Títulos competenciais.*

A presente disposición dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 14.^a, 17.^a e 25.^a da Constitución,

que atribúe ó Estado competencias en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado, lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social e réxime enerxético.

Disposición adicional segunda. *Efectos da modificación da Lei 40/1998.*

A modificación da disposición adicional vixésimo segunda da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, contida no artigo 8 do presente real decreto lei, terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2000.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltanse os ministros de Facenda, de Fomento, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Traballo e Asuntos Sociais para dictar cantas disposicións foren necesarias para a aplicación e desenvolvemento do presente real decreto lei.

2. O procedemento material de execución das bonificacións establecidas nos seus estritos termos porcentuais será determinado pola Secretaría de Estado da Seguridade Social e a Secretaría Xeral de Pesca Marítima nas reunións técnicas pertinentes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 244, de data 11 de outubro de 2000.)